



Concello de Xermade

María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Xermade (Lugo)

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade, na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 30/08/2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“3º. Contratacións

3.2. Aprobación da memoria valorada de obras e expediente de contratación da obra “Colocación de contadores de auga de consumo individual na rede de baixa do Concello de Xermade”. Expediente 670/2024.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 29 de agosto de 2024, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: aprobación da memoria valorada de obras e expediente de contratación da obra “Colocación de contadores de auga de consumo individual na rede de baixa do Concello de Xermade”. Expediente 670/2024.

Vista a memoria valorada de obra de “Colocación de contadores de auga de consumo individual na rede de baixa do Concello de Xermade”, redactado pola técnica municipal, Carolina Cajide Barbeito en febreiro de 2024, cun orzamento de 56.294,10 euros, IVE incluído e 46.524,05 euros sen IVE, que funcionará como prescricións técnicas.

Ao abeiro da RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301E), publicada no DOG nº 20 do 29/01/2024, estas actuacións recibiron unha axuda de 37.003,24 euros.

Tendo en conta a natureza das actuacións ás que fai referencia o obxecto do proxecto, estamos ante un contrato administrativo de obra regulado no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en diante LCSP), cuxa necesidade, de acordo co art. 28 do LCSP ven xustificada polas competencias en materia de abastecemento e saneamento de auga potable que teñen os concellos, de acordo ao establecido nos artigos 25.2.c), 26.1.a) e 86.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, nos termos establecidos pola lexislación autonómica.

Visto que o orzamento total de execución por contrata, como máximo, ascende a contía de 56.294,10 euros, estímase procedente a contratación da referida obra mediante procedemento aberto simplificado abreviado, por razón da contía (art. 159.6 LCSP), así coma por mor da axilidade e celeridade na contratación necesaria no presente caso dado que a actuación debe estar executada e xustificada o 12/11/2024.

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares proposto pola Alcaldía, de data 29/08/2024, que consta no expediente.

Consta acta de replanteo previo e informe de melloras asinado pola técnica municipal, Carolina Cajide Barbeito en data 16/08/2024.

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027





Concello de Xermade

Consta retención de crédito n.º 2190 na aplicación orzamentaria 231.161.629 por importe de 56.294,10 euros.

Consta informe favorable emitido pola Secretaría-Intervención municipal, en data 29/08/2024.

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional segunda da LCSP ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais, o órgano de contratación do Concello de Xermade é a Alcaldía, posto que o valor estimado do contrato (46.524,05€) non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento do 2024 (196.449,29€) nin o importe do contrato menor de obras.

Considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 2023-0286 o 27 de xuño (BOP n.º 157 do 10/07/2023), o órgano competente para a aprobación do expediente de contratación é a Xunta de Goberno Local.

En virtude de todo o anteriormente exposto, esta Alcaldía eleva á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar a memoria valorada de obra de “*Colocación de contadores de auga de consumo individual na rede de baixa do Concello de Xermade*”, redactado pola técnica municipal, Carolina Cajide Barbeito en febreiro de 2024, cun orzamento de 56.294,10 euros, IVE incluído e 46.524,05 euros sen IVE e un prazo de execución de tres (3) meses, consonte ao artigo 147.2 LSG.

Segundo.- Aprobar o expediente e o prego de cláusulas administrativas particulares que reixerá a contratación da obra “*Colocación de contadores de auga de consumo individual na rede de baixa do Concello de Xermade*”, por procedemento aberto simplificado abreviado, tramitación ordinaria, da obra denominada e que ascende a un importe total de cincuenta e seis mil douscentos noventa e catro euros e dez céntimos (56.294,10 euros), IVE incluído, que funciona como prescricións técnicas.

Dispónse a apertura do procedemento de adxudicación na modalidade de procedemento aberto simplificado abreviado e tramitación ordinaria.

Terceiro.- Autorizar un gasto por importe de 56.294,10 euros con cargo á aplicación orzamentaria 231.161.629 do vixente orzamento de gastos.

Cuarto.- Publicar o anuncio de licitación, o prego de cláusulas administrativas particulares e as prescricións técnicas no Perfil do contratante e na plataforma de contratación do estado.

Xermade, na data da sinatura dixital.
O alcalde

Roberto García Pernas”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.”

E para que conste, coa salvidade prevista no art. 206 do RD 2568/1986, do 28 de

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027





Concello de Xermade

novembro (Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais), expido a presente certificación, en Xermade, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, Don Roberto García Pernas, na data da sinatura dixital.

A secretaria-interventora

Visto e praxe,

O alcalde

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027

